

INFORMACIÓN PARA PARA FAMILIAS CURSO 2024/2025

HORARIO DO CENTRO ESCOLAR

- Todo o curso: 9:35 a 16:35

O acceso do alumnado ao centro escolar NON se realizará antes das 9:20 horas.

A **entrada** farase pola porta sinalizada para cada nivel educativo:

- Ed. infantil: porta do medio.
- Ed. primaria: porta grande (á dereita mirando desde a rúa).
- ESO: porta de secundaria (á esquerda mirando desde a rúa).

A **saída** de do alumnado farase da seguinte forma:

- O alumnado transportado de todos os niveis sairá desde as filas que se farán no pavillón cara ao seu bus pola cancela grande do centro. Os luns e martes o alumnado de ESO sairá pola porta de secundaria cara os buses.
- O alumnado de infantil non transportado será recollido onda a porta central, ao lado das súas aulas.
- O alumnado de educación primaria e ESO non transportado sairá pola porta do edificio de primaria (á dereita mirando desde a rúa), excepto os luns e martes, nos que o alumnado de ESO non transportado sairá pola porta de secundaria. Á saída, as persoas que recollan ao alumnado non transportado, deberán agardar dentro do recinto do centro pero fóra do edificio ás 16:35.
- No caso de alumnado de ESO e últimos cursos de primaria que estea previamente autorizado a saír só, poderá facelo á hora da saída.

O alumnado que NON fai uso do comedor será recollido:

- Ed. Infantil e primaria, ás 14:35
- ESO, mércores a venres ás 15:05h (os luns e martes o xantar será de 14:10 a 14:40, habendo clase posteriormente).

No caso do alumnado non transportado, prérgase puntualidade á hora da recollida.

REUNIÓN DE PRINCIPIO DE CURSO

En educación infantil e primaria a reunión de principio de curso xa tivo lugar.

En ESO será o xoves 3 de outubro ás 15:30, despois da xornada lectiva, e as familias subirán á aula do seu fillo ou filla para reunirse co titor/a respectivos

PROGRAMA EDIXGAL DESDE 5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA A 4º DE ESO

Actualmente temos o programa Edixgal nos niveis que van desde 5º de educación primaria a 4º de ESO. Nestes niveis faise uso de ordenadores e materiais dixitais no portátil proporcionado desde o centro xunto con materiais en papel ou mesmo libros dependendo de cada materia.

Prégase a atención ao correcto uso dos portátiles, tanto no seu coidado coma na moderación no tempo e o control dos contidos aos que se pode acceder desde eles.

USO DE DISPOSITIVOS MÓBILES

Recórdase ás familias a **prohibición** do uso de teléfonos móbiles e reloxos intelixentes por parte do alumnado dentro do centro, recreos incluídos.

HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

O profesorado do noso centro conta con horario de atención ás familias.

En educación infantil e primaria recoméndase pedir cita a través da aplicación Abalar coa titora ou titor para concertar a reunión, sendo estas as horas previstas para a titoría no horario do profesorado:

NOME DOCENTE	DÍA E HORA DE ATENCIÓN A NAIS/PAIS	
Anxo García Bello	Educación física	Mércores 14:35-15:30
Belén de la Fuente Cobas	PT e XE	Luns 14:35-15:30
Luís Alfonso Iglesias Otero	Música	Mércores 14:35 – 15:30
Francisco López Varela	Titora 6º EP	Xoves 14:35-15:30
Cristina Méndez Flores	Titora 1º-2º EP	Luns 14:35-15:30
Amelia Penela Pérez	Titora 3º EP	Venres 14:35-15:30
Sandra Fórneas Rey	Audición e linguaxe	Venres 14:35-15:30
Olalla Otero Vázquez	Titora de 5º e 6º EI	Martes 14:35 – 15:30
Isabel Rodríguez Abelairas	Relixión católica	Martes 14:35 – 15:30
Patricia Abuín Gómez	Inglés e Directora	Xoves 14:35 – 15:30
Isabel Serén Ansedes	Titora 5º EP	Martes 14:35 – 15:30
Amalia Méndez Lombao	Titora 4º EP	Xoves 14:35-15:30
Vanesa Vila Pardellas	Titora 4º EI	Venres 14:35 – 15:30

En ESO cada docente conta tamén cunha hora específica na que atenderá ás nais e pais que así o desexen. No caso de querer contactar co titor/a, é conveniente que concerten antes cita de forma que estes poidan recoller información do resto do profesorado:

DOCENTE	TITORÍA	MATERIA	DÍA E HORA DA TITORÍA
Laura Abuín Gómez		Xeografía e Historia	Venres 11:15 -12:05
María Jesús Andrade Expósito		Matemáticas	Xoves 10:25- 11:15
Ana Arias Castro		Inglés Prox. Competencial	Venres 10:25 -11:15
Mª Carmen Begide Fernández		Tecnoloxía - Dixitalización Física e Química	Xoves 10:25- 11:15
Carmen Pérez González	2º ESO	Música - EPVA Prox. Competencial	Luns 12:35 - 13:25
Alba Méndez Rodríguez Javier Romero González		PEDAGOXÍA Terapéutica	Venres 10:25 -11:15
Ana B. Ónega Méndez/ Xavier Sarille Cadenas	3º ESO	Educación Física Cultura Financeira	Martes 10:25 – 11:15
Mª Pilar Quiroga Fernández		Inglés – Ref., NO Francés. - L.Cast. . Lit.	Luns 12:35-13:25
Marta Rodríguez Fernández		Francés Lingua Caastellana e E Lit	Luns 12:35-13:15
Vanesa Sánchez Souto		Orientación	Luns 14:50-15:40
Concepción Sanfiz Fernández		Lingua Castelá e Literatura C. cultura Clásica	Luns 12:35 -13:25
Eva Santaolalla Bejarano	1º ESO	Bioloxía Física e Química	Martes 12:35-13:25
Carlos Vázquez García	4º ESO	Lingua Galega e Literatura	Martes 11:15- 12:25

DÍAS NON LECTIVOS ELIXIDOS POLO CENTRO

Os días non lectivos elixidos polo centro para este curso serán:

- o luns 09 de decembro de 2024 e



- o venres 02 de maio de 2025

OUTRAS ACTIVIDADES DO CENTRO

Recordámosvos que no noso centro, ademais das actividades lectivas ordinarias dispoñemos de:

- Club de lectura para alumnado e adultos, con lecturas periódicas de libros recomendados,
- Club de ciencia para alumnado de ESO,
- Servizo de préstamo na biblioteca tanto para alumnado como para familias

CONTACTO CO CENTRO

Recordamos que toda a información de interese que vaia xurdindo irase expoñendo na nosa [páxina web](#) e, de forma complementaria, potenciarase a través das redes sociais coas que contamos:

- <https://www.instagram.com/cpitinograndio/>
- <https://www.facebook.com/CPI-Tino-Grand%C3%ADo-171894416727726>

Para contactar con nós dispoñedes do:

- noso teléfono: 982 87 03 63,
- do teléfono do departamento de orientación: 982 87 03 61
- e do noso correo electrónico: cpi.tino.grandio@edu.xunta.gal